

Afirmaba eu noutro lugar, *Do novo teatro á nova dramaturxia* (Xerais, 1998), que tras a irrupción de Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal, Francisco Taxes ou Roberto Vidal Bolaño, viría una xeración que denominaba *dos oitenta*, integrada por una mancha de autores e autoras que van propoñer unha fonda transformación da escrita, mantendo unha loita aberta e constante entre a pulsión social e a pulsión metadramática. Quizais a obra que mellor exemplifica ese trazo tan preciso é aquela que Andrés A. Vila e Xosé Cid Cabido denominaron *Copenhague*, pretexto dun espectáculo moi celebrado que as xeracións máis novas infelizmente non puideron ver. Hai outros autores e autoras que van pola mesma senda, como Luísa Villalta, Xosé Manuel Martínez Peireiro ou Miguel Anxo Fernán Vello.

Unha outra característica que partillan estes autores e é a de ter unha obra por veces circunstancial, sen continuidade, o que non empece a súa dimensión literaria,

mais nos informa de que non semella existir un desexo de permanencia no xénero. Certamente, moitos deles teñen construído a súa obra noutros xéneros como a poesía ou a narrativa, e mesmo no ensaio, polo que quizais a cualificación que mellor cadraría a esa suposta xeración sería, sen dúbida, a de *landrover*. Velaí temos, por exemplo, a Manuel Guede Oliva, que ten feito achegas interesantes nos tres xéneros clásicos pero que non é amigo de impresas. Debería falar tamén de João Guisan Seixas, un autor ben interesante, mais abeirado finalmente ao sistema literario portugués, lingua de vellos imperios.

Henrique Rabuñal forma parte desa *xeración landrover*, e o que agora nos ofrece nesta edición da súa obra dramática incompleta, son oito pezas de feitura diversa pero que se sitúan perfectamente entre eses dous polos que tan ben definen a pescuda dese grupo de mozos e mozas que chegan ao campo das letras coas feridas aínda novas da repre-

Drama social e monólogo inerte

O Teatro incompleto de Henrique Rabuñal

MF VIETTES

sión franquista e coa inquestanda da facer unha literatura acorde coas súas lecturas, que eran moitas. Por iso esas súas obras están cheas de referencias culturais, e por iso o acto mesmo da creación, a súa natureza, en moitas ocasións se converte en motivo de reflexión. Foi esa unha das teimas recorrentes na obra primeira de Miguel Anxo Fernán Vello.

Por iso falamos, por unha banda, dun drama social


que alenta a denuncia en fronte moi diversas, desde a desfeita ecolóxica e económica do Prestige, que se recrea na peza titulada *Catástrofe*, ata a desfeita moral que pode chegar a provocar nas persoas a perda de horizontes éticos e humanos, e velaí temos *O miradoiro*, augaforte dun alcalde coruñés, ou *Amor móbil*, lembranza do executivo triunfante. Da outra, falamos dun drama inerte, que se concreta se-

guindo a estratexia do monólogo confesión, quizais seguindo o exemplo do seu querido amigo, o dramaturgo Jenaro Marínhas del Valle, pero tamén polo feito de mostrar un modelo que se constrúe coa forza da palabra e que case refuga a acción (visible), pois a palabra é todo canto compre facer (coa palabra mesma). Velaí temos ese fermoso *Monólogo do fillo triste*, lembranza emocionada do pai, ou *O vento da morte*, que non deixa de ser igualmente unha lembranza da condición efémera de todas e todos nós, tamén dos mortos de cada quen.

Velaí pois ao autor que mira a contorna, ante a que se sitúa nunha posición crítica, pero tamén ao autor que dirixe a mirada ao seu interior, de onde agroman as mesmas preguntas de sempre, vinculadas coa amor, coas pedras que son historia, cos camiños que son vida, coa flor que morre axiña, como lembrara William Blake nun poema dunha beleza enfermiza, aquel que comeza co verso "O Rose thou art

sick". Que mellor emblema para o príncipe Hamlet de Dinamarca, que Rabuñal recrea nun longo monólogo titulado *Amleth*, no que a presenza de Ofelia non deixa de ser sombra de todas as pantasma que habitan a mente torturada do personaxe que unha e outra vez se torna circunstancia das nosas vidas atribuladas.

Oito pezas que nalgúns casos xa foran publicadas en revistas como *Casahamlet*, e que habería que situar no eido da dramática breve, unha maneira de escribir que, coma no caso do relato, ten as súas normas, as súas pautas. Pois a brevidade obriga á síntese, pero moitas veces opta por asentar a escolla na anécdota, se ben hai anécdotas que conteñen toda a profundidade e riqueza da traxedia, como a dese ser do que se di ser alemán e que ao mirar o mar descubre que todo estaba negro, como naquel poema enorme de Celso Emilio Ferreiro. *RABUÑAL, Henrique, Teatro incompleto, Edicións Laiovento, Santiago, 2010, PVP 10 €*



Como dicíamos, Henrique Rabuñal Corgo (Arteixo, 1962) é autor dunha obra variada que vai da poesía ao ensaio. Neste último campo ten publicado un libro fundamental para o coñecemento da historia teatral de Galicia, como foi *Textos e contextos do teatro galego* (1994), no que facía unha das primeiras aproximacións ao que foron as orixes da creación dramática e teatral en lingua galega, desde os séculos

escuras ao inicio da Guerra Civil. Como poeta cómpre salientar *Poemas da luz e da loucura* (1992) e *O tempo demorado nos marmelos* (2000), e como narrador deu ao prelo unha mancha de relatos espallados en obras colectivas, revistas e misceláneas diversas.

Un home de letras

Rabuñal é, como vimos sinalando, un home de letras, se ben a súa obra dramática é a que ten maior dimensión pois dela se vén ocupando des que en 1985 gañara o Premio que a Escola Dramática Galega dedicaba á dramática breve, coa peza titulada *A noite*

das noites, á que seguirán outros textos nos que destaca, sobre todo, a súa vontade de converter o marco do drama nun tempo no que agroman as máis diversas voces, quizais tentando así mostrar o balbordo incesante da vida, eses monólogos vetustos e raiados que cada quen leva nas costas. Fragmentos, con permiso de Gonzalo Torrente Ballester, dunha apocalipse íntima e inevitable, como a morte moura.